

BUSHMAN

[Bushman, David Schickele
1971, EE UU, 73 min., VOSG]

Lingua **Inglés**

Dirección e guión **David Schickele**

Fotografía **David Myers**

Montaxe **Jennifer Chinlund, David Schickele**

Son **Peter More**

Son directo **Paul Oppenheim**

Música **David Ames**

Elenco **Paul Eyam Nzie Okpokam, Mike Slye, Elaine Featherstone, Lothario Lotho, James Earl Garrison, Ann Scofield, Shezwae Powell, Jack Nance**

Produtora **The Bushman Company en asociación con The American Film Institute**

Distribución **Lost & Found**

1968. Martin Luther King, Robert Kennedy e Bobby Hutton, entre outros, faleceron recentemente. En Nixeria, a guerra civil entra no seu segundo ano sen final á vista. En San Francisco, as aventuras de Gabriel, un mozo nixeriano, reflicten as friccións tribais, persoais e raciais durante os convulsos anos sesenta.

Mellor Opera Prima no Chicago International Film Festival 1971.

OUTUBRO

Martes 15 **NOT A PRETTY PICTURE**

(Martha Coolidge, 1975, EE UU, 83 min., VOSE)

Martes 22 **HERE**

(Bas Devos, 2023, Bélxica, 84 min., VOSE)

Luns 28 **HISTORIA DUNHA VECIÑANZA**

(Yasujiro Ozu, 1947, Xapón, 72 min., VOSE)

Martes 29 **MÚSICA**

(Angela Schanelec, 1923, Alemaña, 108 min., VOSG)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



BUSHMAN

DAVID SCHICKELE

CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #217

8.10.2024

LETTERS TO NIGHTTRAIN POR DAVID SCHICKELE

Cando David Schikele descubriu que estaba morrendo de cancro, pasou un ano escribindo unhas memorias para o seu fillo que acababa de nacer. Este texto componse de extractos desas memorias.

O American Film Institute foi fundado en 1968 por George Stevens Jr. Todos os cineastas sentían curiosidade, mais ninguén sabía moito sobre el. Eu non coñecía a George Stevens Jr., pero un día chameino e pregunteille se se reuniría comigo para falar sobre o Instituto e as necesidades dos cineastas independentes estadounidenses. Quedei asombrado cando aceptou o convite. Non tiña nada que ofrecerlle e el non tiña nada que me ofrecer a min. Non había anunciada convocatoria ningunha de subvencións. Mais tivemos unha charla agradable e discreta. Díxenlle que estaba preparando unha longametraxe sobre un africano atrapado nestes tempos revoltos en Estados Unidos.

Cando rematamos o xantar, ofreceume unha subvención de 15 000 dólares. Foi unha completa sorpresa para min. Penso que tamén o foi para el. Dixo que tería que falalo coa súa xente, porque nesta fase inicial, nunca antes outorgaran unha subvención para unha longa. 15 000 dólares era unha fracción do que custaría unha longametraxe, mais permitíume comezar a organizar e recadar fondos para un filme en 35 mm de baixo orzamento que se chamaría *Bushman*.

O protagonista sería Paul Okpokam, o nixeriano que resultara tan atractivo no meu documental *Give Me a Riddle*. Paul era un espírito libre, sempre orgulloso de ser un home do campo. Ser da selva en Nixeria era como ser do campo en Estados Unidos, se cadra pouco sofisticado mais cun gran corazón. Paul era un home da aldea, da selva, e estaba orgulloso. Non coma eses dandis da cidade, cos seus aires de grandeza e as súas pretensións londinienses.

O meu amigo e antigo colega Roger Landrum contratou a Paul para ensinar nun programa de formación do Corpo de Paz que dirixía en Boston. Ese traballo permitiulle a Paul cruzar o Atlántico. Despois, dalgún xeito, conseguimos que cruzase o país ata San Francisco, onde se matriculou como estudante de teatro no San Francisco State College.

Paul axudoume a idear os rudimentos do guión de *Bushman*, en boa parte baseado nas súas propias experiencias en Estados Unidos. Contratei a David Myers para a filmación e a Paul Oppenheim para o son. Cunha soberbia algo insensata, comecei a rodar en 1968, sen un guión rematado, sen diñeiro abondo, confiando no esforzo e na sorte para saír adiante.

1968 non foi un ano afortunado. Foi un ano de tumulto, de revoltas e asasinatos. As universidades foron pechadas polas rebelións estudiantís: en Harvard, Columbia, Michigan, San Francisco State e noutros lugares. O Black Panther Party estaba tendo impacto en toda a nación e as manifestacións contra a guerra de Vietnam convertíanse nun xeito de vida.

Continuamos filmando por todo San Francisco, facendo unha excursión ás Sierras. Paul probou a neve por primeira vez. O noso horario era flexible para que puidese continuar os seus estudos na San Francisco State. Pero a universidade foi pronto pechada por unha longa e violenta folga liderada pola Black Student's Union, co apoio de varios grupos de profesores e estudantes. O conflito levaba meses cociñándose. Estouraron disturbios policiais. A policía adentrábase entre as multitudes de estudantes, partindo cabezas ao seu paso. Un día estabamos agardando na localización a que Paul aparecese. Adoitaba ser moi puntual. Pasou media hora, despois unha hora. Finalmente chegou a noticia a través dun amigo: Paul fora arrestado na universidade.

[...]

Que pasou co filme? Podería salvarse o incompleto *Bushman*? Quizais, mais non de inmediato. Estaba conmocionado polo último ano de Paul en América e emocionalmente incapaz de volver ao filme. Levoume un tempo recuperar a miña motivación. Aos poucos, comecei a traballar coas imaxes de *Bushman*. Podería rescatar este desastre? Queixábame moito de estar atascado e sen fondos, ata que Ginna Fleming, unha vella amiga do Corpo de Paz e un anxo fiel, envioume unha nota curta que dicía só: «Remata a maldita cousa». Incluía un modesto cheque. Esa nota fixo marabillas pola miña concentración. Aquí estaba cun filme sen final, sen actor, sen posibilidade de rodar de novo. Que podía facer? A pequena voz que sempre me dá o mesmo consello murmuroume de novo: resolve o teu problema contando a simple verdade.

Integrei a voz de Paul no final do filme, xunto cos sons dos nenos da súa aldea xogando na beira do río en Okanga Mkpansi, sons que roubei da rodaxe de *Give Me a Riddle*. Collín imaxes de xente nas rúas de San Francisco e imaxes da prisión de San Quentin desde a baía. Dalgún xeito, conseguín ensamblar unha serie de sons e imaxes que contaban a historia e lle proporcionaban un final ao filme. *Bushman* gañou un Gold Hugo á Mellor Primeira Longametraxe no Festival Internacional de Cine de Chicago en 1971.